

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Publicación anuncio relativo ó decreto 142/ 2016

Decreto nº 142 /2016

Dna. M^a Jesús Veiga Hortas, Concelleira Delagada de Servizos Socias e Educación do Concello de Negreira, A Coruña

Convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as ó seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

O Concello de Negreira procede a convocar axudas en materia de acción social para o curso académico 2016/2017 conforme ás bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as ao seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira publicadas no BOP Nº 133 de data 15 de xullo de 2014, a Ordenanza Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e normativa de desenvolvemento, e supletoriamente o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Primeiro.-Obxecto

É obxecto destas bases regular a concesión de axudas en especie para a adquisición de libros de texto e material escolar ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo do Concello de Negreira que teñan nenos/as ao seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) nos centros públicos do Concello de Negreira.

Segundo.- Crédito orzamentario.

As axudas reguladas nesta convocatoria concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 321-489.00, cun importe total de 1.500,00 €.

Terceiro.- Solicitudes: prazo e forma.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Negreira ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das AAPP e do Procedemento Administrativo Común, conforme ó establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as ao seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) nos centros públicos do Concello de Negreira.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de A Coruña.

Cuarto.- Normativa aplicable:

En todo o non previsto nesta convocatoria aplicarase o establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as ao seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira publicadas no BOP Nº 133 de data 15 de xullo de 2014, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu regulamento, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Esta Resolución adóptase por delegación (Decreto nº 95/2015)

Negreira, 7 de xullo de 2016

A Concelleira Delegada

M^a Jesús Veiga Hortas